

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 180 — 1.º MARZAL 1923

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

A do irmán Carré Aldao



O viernes 23, co'a asistencia d'un público moi numeroso e escolleito, pronunciou unha conferencia no salón da Irmandade, segunda da serie orgaizada pol-a Seición de Cultura e Fala, o noso distinto irmán D. Euxenio Carré Aldao.

Denantes de començar a lectura da intresante conferencia que foi moi gabada e que publicamos íntegra, pronunciou unhas verbas de presentación o irmán Lugrís Freire.

O irmán Carré Aldao adicou unha garimosa lembranza ao mestre Murguía e seguidamente deu lectura á conferencia que publicamos a continuación:

Do nacionalismo e de outras cousas que co él teñen relación

PRELIMINARES

O "Nacionalismo" de que hoxe tanto se fala, non coídeses seia cousa nova nin de agora nin menos nada n-estes derradeiros tempos. Ven xa de moitos séculos atrás e ten o seu mais fondo raigambre nas propias entranas do noso país.

Non hai outra cousa senón troque de nome. Abonda botar unha ollada pol-as follas da nosa historia; por esas páxinas tan cheas de amor patrio que trazaron a maxica pruma do noso gran Murguía e de Vicetto e n'elas, n'eses fastos gloriosos do noso pasado véxase cal en total-as épocas os fillos da nobre terra galega aspiraron, e loitaron por conqueril-o, a seren rexidos por si mesmos e a non teren por direitores xentes alleas.

DOS TEMPOS VELLAS

Entromedias do longo e tormentoso período que se seguiu á invasión dos árabes, foi nosa Galicia dos primeiros pobos que lograron se constituiren na Hespaña. Nin as irrupciós normandas nin-as dos mouros poideron atallal-a no seu camiño e vemos como o noso país a pouco de térese

liberado do xugo dos fillos do Profeta, froleceu coma ningún.

Quixo a nosa malafada que non poidera se chegar a consolidar o noso reino nin chegáramos a téremos monarquía propia e continua.

O gran Xelmírez, a quen o noso Murguía estudiou tan maxistralmente, foi o galego mais galego de tódol-os galegos e nos comenzos do século XII aquel insigne home "que seu pobo" á pouco que a fortuna prestáralle axuda poido sel-o libertador da nosa terra.

Dos seus feitos e das suas aspiraciós nos falan seus contemporáneos a "Historia Compostelana" e a "Crónica de Turpin" e n'esta leemos como se tiñan coma cousa distinta a Galicia e a Hespaña, a galegos e a hespañoles, decrarando á nosa terra como nación ou estado independente e non coma provincia hespañola.

A MAL QUERENCIA QUE SE NOS TEN

Data d'eses días groriosos e prósperos para o noso país a mal querencia que se lle tén en toda a Península. Veredes porqué. Non serei eu quen vol-o diga; será o eminente Menéndez Pelayo. El escribiu "*que as rivalidades de León e Castela deron vida á epopeya castelán e que aquela rivalidade ocultaba outra mais fonda: a do elemento galego e o elemento castelán que viñan xá de mais atrás.*"

E natural; non podía perdoarse a Galicia as suas aspiraciós que estivo tan preto de conquerir. A mais o reino do Centro, véndose privado de Portugal, que mais feliz que nós soupo seguir dono dos seus destinos, considerábanos como unidos a aquel por raza e lingoa, e fixonos ouxeto do seu despeito co'a mísera vinga do seu desprecio, pois non podían esquencel-os seus resquemores os que estiveran a punto de depender de nosoutros. Portugal, o noso irmán, nos tiña, e aínda tén, cal territorio que debera formar parte integrante d'él, e por eso nas duas Cortes, na lusitan e na de Castela iniciouse a manía de pór en ridículo as nosas xentes e a nosa fala e pasaren por alto e nos arrebataren ou tratal-o desfiguradamente canto con nosco se relacionase.

He ahí o orixe da mal fundada leenda do descreto e aldraxes que sigue pesando inda sobre esta nobre e infortunada terra.

O SECULO XIX

Mais, deixando tempos pasados víñamos agora aos presentes. Inda que sexa rápidamente imos repasal-o mais sinalado do centuria do século XIX e dos comenzos do XX.

Cando a guerra da Independencia viu a bater fortemente no adormexado espírito dos hespañoles, Galicia foi dona absoluta dos seus destinos e inspirándose nas suas vellas tradicións gobernouse e dispuxo de seu por si mesma creando e armando exércitos propios mandados por xefes por ela postos, pactando alianzas e empréstitos con Inglaterra e exercendo tódol-os dereitos anexos á mais compreta das soberanías. Se as demais rexións que conforman o estado, hespañol n-aqueles tempos houberan feito outro tanto e non se someteran cegamente á Xunta Central, d'outro xeito houberan camiñado os sucesos e nin a campaña prolongárase tanto nin a marcha dos acontecementos políticos que se subsiguiron tiveran o rumbo e romate do xeito doloroso que o fixeron.

Afortunadamente pasado o trebón da guerra no medio dos trastornos e convulsiós d'aqueles tremendos días, nos que pol-a loita de dous principios opostos somellaba chegado o *finis Hispania*, viu o *Romanticismo* a facer rexurdil-os sentimentos adormexados das reivindicaciós das pe-

quenas nacionalidades e así este novo ideal foi a salvación do naufrago Estado hespañol.

Aos poetas e escritores rexionales débense que facendo acordar a alma colectiva dos vellos pobos ibéricos, éstos tiveran concencia da súa existencia e rexurdiran potentes as patrias mortas. Mais non foi ese rexurdimento tan sementes literario e artístico como moitos din, senón que abarcou todol-os ordes da especulación, tanto no campo político como no social, tanto no xuridico como no económico, e así pode vérese recorrendo o longo índice das obras da nsa bibliografía rexional.

Na revolución galega do ano 1820 e mais na do 1846, ésta tan ben estudiada como comprendida pol-o noso ende-xamais ben chorado irmán Francisco Tettamancy, a quen aínda se lle non fixo a debida xusticia, foron o latexar potente d'un pobo e na derradeira revolución, que as malas fadas que rixen os destinos do noso país fixeron malograr, iba envolto o porvir de Galicia.

Outros feitos máis recentes, e que non teredes esquentados, fixeron vibrar novamente a alma galega e ésta tendo hoxe o preno convencimento do seu valer, quere vivir e vivirá.

EVOLUCION DO NOME

Se nos comenzos do século XIX ese movemento chamouse *provincialismo*, d'aquela a provincia equivalía á rexión, logo mediada xá esa centuria denominouse *rexionalismo* e hoxe conocémol-o por *nacionalismo* non vén a ser, pese a esos nomes, senón efecto d'unha mesma causa, pois non por tales troques virou a súa esencia.

Así pois o *nacionalismo* inda que haxa quen diga outra cousa, non é senón o *provincialismo* e o *rexionalismo* d'outrora. O que pasa é que ao andar do tempo evoluciona o pensamento e o modo de ser das xentes e así, por esa evolución, non causa asombro se chamare agora *nacionalismo* ao que non fai tanto apellidábase *rexionalismo* e era tido por moitos como cousa nefanda e atentadora á unidade do Estado e todo tan só obra de *catro tolos*, como así nos chamaban sinalándonos co dedo ao que nos xuntábam-nos na tan sonada *Coba Céltica* (1) da que sairon tantas e tan grandes ideas e tantos e tan grandes actos de afirmación galeguista.

Gracias, pois, a eses *catro tolos* e gracias tamén aos nosos poetas, pensadores e escritores d'aqueles e d'outros tempos e aos que se fai imprescindibre recordar ao tratárese d'estas cousas e como pódese falar cal hoxe se fala no que afecta á personalidade política de Galicia.

E convén ter presente canto se tén de traballar para destruír a falsa lenda de que a musa galega é a cotío tristeira e chorona. Certamente que por ser humano, está chea de sentimento, mais tamén lle nos faltan os máis varudos e fortes acentos para a protesta enérxica e a feroz demanda na reparación dos aldraxes.

Repásense os nosos poetas e verase como Pintos, Lamas Carvajal, Pondal, Curros, García Ferreiro, Lugois Freire, Vaamonde e outros fanse eco das ansias reivindicadoras e das protestas da súa terra.

Pol-o que afecta aos escritores dígasenos se nas follas d'ouro dos nosos historiadores non latexa a alma da patria e se non se fala a cada momento dos seus destinos e das súas aspiracións de reconstitución étnica.

O QUE SE PRETENDE

Pois ben, así e todo inda hai hoxe algúns que cegos, non sabemos porqué causas, pretenden estar pol-a borda os feitos e nomes de todos esos decindo: ¡ouh manes de Faraldo o a súa *gran obra!*, que foi a súa unha labore se non negativa, que a tanto non chega seu atrevimento, unha tarefa catifeira abondo. Cando de non ser por eles, non se podería falar cal hoxe se fala do que afecta á personalidade política de Galicia!

N-estos tempos de libertad é cousa moi cómoda poder

decilo todo inda haxe quen renegue e vaia contra d'esa mesma liberdade que tanto sangue xeneroso custou, usando e abusando de aquilo mesmo que se combate. Viviran esos nos tempos pasados e adprenderían que abondada pronunciar por mais que fora en voz baixa, a palabra liberdade, para pagar co'a vida tal estrevemento. Sinforiano López, Porlier e outros patriotas morreron na Cruña pol-a liberdade e hasta unha probe muller, Mariana Pineda, por bordar unha bandeira, e Miyar, un intelixente libreiro, por vagas sospeitas, pararon na forca.

Hoxe daríanos risa oír que se berraba "¡Viva o Progreso rápido!" e sin embargo n-aqueles días, que alcanzou Pondal, ese berro era subversivo e levaba ás xentes ao desterro como ao noso gran bardo houbó de lle costar un viaxe a Filipinas pagado pol-o Goberno, por cousa tan inocente hoxe como nefanda d'aquela, o seu famoso brindis do agape de Conxo.

Xá vedes como se mudan e cambian as cousas e que según o ambiente das ideas o que hoxe é cousa que a ninguén estrana puido ser n-outro tempo enormísimo delito, Por eso femos de recordar sempre con gratitude e amor aos que foron os primeiros a desbruzal-os camiños do porvir e tiveron a valentía de poñeren a discusión na Asambrea de Lugo en 1843 se Galicia debía ser ou non independente, aos que na revolución de 1846 se negaron a obediencia das ordas de Madrid, conviñendo todos o trataren de ese movemento en que de non ser vencida a Galicia era perdida para Hespaña, aos que en 1897 demandaron ás Cortes a autonomía para a rexión, cousas que en de ninguña outra fixérese hasta estonces e aos que ergueron pol-a súa escrusiva conta o moimento dos Mártires de Carral que ninguén malia do creto votado pol-as Cortes se estrevera a levantar.

DO QUE SE DEBE FUXIR

N-estes tempos de hoxe temos de mirar con certa aquela o entusiasmo sospeitoso dos neófitos e moito mais aos que desconocen todo o noso pasado e a todos aqueles que creían ou aparenten creeren, que de todo pode habere, que nada se fixo hasta agora. Hai que terlle temor a eses elementos arrivistas e perxudiciós que se poñen a rentes de toda idealidade incipiente para desvirtual-a ou facerlle tomar camiños tortos.

Os poetas e os escritores foron, son e serán sempre os precursores de todo movemento, pois a lingua e a historia, a primeira sober todo é o signo da nacionalidade. Non teñen, pois, nin pisca de razón, todol-os que renegan da súa obra, pois ela é como a Aurora que nos anuacia o raio do Sol. Non esquezades que o deforme Tirteo enviado como por bulra de caudillo aos espartanos conduxo as súas hostes á victoria ao son dos hinos por aquél compostos.

E non darei romate á esta pequena digresión sin chamar denntes a que pasedes vosa atención sobor d'un feito moi significativo que se repite abondo e do que temos de nos gardar se non queremos que o ridículo recaia na nosa nobre e santa causa. Falo de todos aqueles que tendo por medio a inmunidade dos mares e co'as seguridades que lles presta esa impunidad por estaren alongados en países alleos, inculpan e se bulran dos que na propia terra loitan pol-a súa reivindicación.

Algúns d'esos chegaron hasta nos chamar homes... femias porque somentes nos estrevimos a pedir a autonomía para Galicia: Botábanos en cara que non tiñamos valor, que eso era pouco e que o menos que debere demandarse era pedir, e se o negaban proclamal-o, a independencia da terra asoballada.

Pois ben, tedes de saber, para que vos sirva de enseñanza, que moito nos tememos que os que agora dende lonxe fan o que fixeron outros, en de chegando de novo ao seu fogar, non veñan a se xuntaren a nosoutros senón que corran a se poñeren, como poidera citar mais d'un caso, ás ordos dos poderes centralizadore se ao servico do caciquismo que combatían... pero de lonxe.

Mais deixemos esto que dá noxo pero que tiña moita pero moitísima gana de valeirar en público, pois afógame

(1) *A Librería rexional de Carré.*

o peito, como outras cousas mais do que no seu día falei e imos entrare agora no mais de que trato n-esta miña charla.

MATERNIDAD E IDEALIDAD

Hoxe que o mal característico d'este desleigados tempos é o descreimento e o afán dos goces materiais, cancro que rila a moderna sociedade, conforta o ánimo ver que inda existen almas nobres, xenerosas e altruistas que comulgan nos altos ideais, cal nos amostan as patrióticas "Irmandades da Fala".

Erro grandismo, tanto nos individuos como nos pobos, é arrenegar das puras emocións do espírito para render tan só parias ao becerro d'ouro ou aos mais torpes dos desexos. ¡Ay de todos aqueles que non levan adentrado na súa alma a rayola da espiritualidad! Brilar, brilarán, e a adulación servil terá para eles os maiores encomios; gozar, gozarán dos deleites materiais da vida, mais ao desaparecēren e se confundiren na nada do que foi, súa memoria, se non esecrada, presto ten de se borrar nos que os sucedan. Hoxe as lembranzas mais gratas e perdurables que se teñen dos pobos e de todos aqueles que foron, antes que pol-as súas empresas guerreiras, pol-os seus feitos fazañosos e pol-o seu poderío político, son debidas ao culto que rendiron as Bellas Artes. Mais se fala de Homero e Fídias que de Milcíades e Temístocles; viven mais na memoria das xentes os nomes de Horacio e Virxilio que os de Xulio Cesar e Pompeyo.

Fixo, pois, e fixo moi ben o Consello da "Irmandade" en inaugurar estas conferencias para que os fillos amantes da nosa nai Galicia, vos falen das nosas cousas na nosa doce o mimosa lingua.

A NOSA LENGUA

He aquí a causa de que, a mais d'outros imperativos que en min mandan, estas miñas verbas deban seren en eloxio da nosa meiga fala, d-esta lingua melosiña, freixibre e harmoniosa, perfumada c'o san aroma dos nosos campos, e insustituible para espresal-os mais tenros afectos, e que foi a lingua que reis e señores, troveiros e xogares, nobres e prebeyos tiveron que empregar, por non haber outra mais adecuada, cando quixeron cantaren á seu Deus, á súa patria e á súa dona.

E non tan só era o galego a lingua dos trovadores pol-a súa eufonía, senon que era á modo de lingua popular ou romance falado en toda a Península. O idioma do Centro estaba, inda pode decirse que nos seus balbucesos, cando o noso iba xa formado enteiramente.

O Rey Sabio foi quen, como di a Crónica, "tollíu las razones que eran sobejanas e dobladas e que non eran en castellano derecho e puso las otras que entendía que cumplían e cuanto al lenguaje enderezolo de por sí." E si ben por elo o castelán pudo xa ser considerado como lingua literaria, foino unicamente no que tiña relación co a prosa pois para a rima perfecta inda tiña que transcurrir longo tempo.

A ferrea lingua de Castela, rotunda e sonora hoxe, n-aquel encoameo, víñase forxando entre o balbor dos combates e a vida dos campamentos e tiña as rudezas propias de toda fala nacente e non podía producir mais que o rouco son dos "Cantares de Xesta".

Libres, xa de moito atrás os galegos, das ansiedades e cuidados da guerra de froiteiras, as musas que se lles praxe o estrondo das batallas, préstalles mail-o mel da paz deixaron ouvir, por aquel entonces, sucedendo aos cantos bélicos, os seus primeiros vaxidos líricos entre nos.

Por esa preparación, que viña de lonxe, o século XIII é o século da poesía e da lingua galega, d-esta lingua, da que dixo Castelar, que oíndoa parecíalle estar tocando as táboas do berce da nacionalidade española. Así, cando na Península quixéronse espresar os mais doces e íntimos sentimentos da alma, tiveron forzosamente que botar man do galego e hasta os tempos de Juan II todas as cántigas populares foron feitas na nosa fala. Se despois chegouse á utilizal-o castelán para a poesía lírica non o foi

sin tere que nos pediren emprastados durante certo tempo moitos vocabulos.

A preponderancia do galego era de moito mais tempo atrás que a da época dos "Cancioneiros". Levada a nosa fala por troveiros xogares e trotadeiras, cruza triunfante por diversas bisbarras españolas sin que se pervirta, como aconteceu logo despois, e veu a sere como unha axuda para lle dar á lengoa castelán a flexibilidade e harmonía das que tanto tiña mester.

Nada d'estrano ten, pois, que os vasallos de Alfonso X, increparan ao rey Xaime I de Aragón co aquel famoso cantar de que nos fala Juan Manuel no seu "Tratado sobre las armas" "del que—escribe—me non acuerdo si no del refrán que dice:

"Rey vello que Deus confonda
tres son estas co as de Mañonda."

De ahí tamén que o Rey Sabio deixara disposto no seu testamento—22 Janeiro 1284—que as súas "Cantigas de Santa María", esa xoya inestimable das nosas letras, "sean en aquela igrexa do nuestro cuerpo se enterrare e que las fagan cantar en las festas de Sancta María", o que causa o asombro de moitos, un d'eles Ticknor, que non acerta á comprender como tiñan de se cantar en Murcia, "pais donde nunca—según él—se conoció el gallego."

Non foi mero capricho real, tanto tal mandato como o feito de escribir en galego as "Cantigas" o que impulsou á Alfonso X. Menos o foi o que se debiera á que na súa mocidade o Rey Sabio criárase e educárase como o seu santo pai Fernando III na nosa terra. Obedeceu todo esto ao que deixamos dito, pois tamén un crítico moderno, o Marqués de Valmar, nos di que "innumerables trovadores de todas las provincias de España iban por doquiera recitando y entonando sus cantares que deleitaban al pueblo en una lengua dulce y armoniosa como era el gallego". A nosa fala corría por total-as terras da Hespaña e era ademais o romance usado pol-os árabes de Andalucía, como xa temos probado n-outra ocasión.

Malia de tan gloriosas tradicións a nosa lingua chegou á decaer ao paso do tempo, non tanto por culpa dos alleos como pol-a nosa propia e foi mingando no uso literario, cedendo seu campo diante do avance do castelán.

HISTORIA E LITERATURA

Sempre fumos, nós, os galegos, moi deixados das nosas cousas. Tivemolas de cote, e seguimol-as tendo, como algo cativoiro e sen estima, dándolle, en cambio, tan só valoria e aprecio á todo o que veña de fora e á canto seia mais esotico.

Así pasounos con todo, o que co a lengoa, e a nosa historia e a nosa literatura que, c'o linguaxe, son os elementos que mais sosteñen a espiritualidade da raza fumolos deixando perder, non entre do pobo nin das crases modestas, sinon entre de aquelas que podemos chamal-as directoras.

Tal esquecemento tivo ineludiblemente que trael-o noso abaixamento como pobo, pois no preno coñecemento da lingua, literatura e historia propias, está a concencia da nacionalidade.

Pol-a historia poderamos sabel-o que fumos e tel-o enteiro coñecemento de todo aquilo á que debemos aspirar; pol-a literatura afondaremos hasta a mesma entrana do noso pobo que é cal se afondasemos no noso propio ser; e pol-a lingua teremol-o o signo mais característico da nosa nacionalidade. Cando estos tan vitales coñecementos seian do dominio de todos, d-aquela teremos comploto dereito á reconstitución da nosa persoalidade étnica.

Mais por fortuna, se a nosa historia foi a mais esquenida non sucedeu outro tanto pol-o que respeta á nosa lingua e á nosa literatura. Nin a primeira foi deixada para sempre nin deixou de ser empregada, mais ou menos literariamente, nin a segunda quedou sin cultivo na nosa terra. Conservouse a primeira casi pura nas vilas no santuario do fogar e con toda a súa enxebreza entre das xentes dos nosos montes e campías, nas que perdurou tamén a nosa vella tradición poética, e hoxe resoan nos nosos vals e nas nosas

montanas aquelas cancións que en séculos pasados oíanse n-estes mesmos apacibles lugares.

Non foi sómentes nos campos galegos onde a nosa poesía tivo agarimosa acollida. Nossos troveiros viláns, quen máis quen menos, no transcurso dos séculos hasta fines do XVIII, seguiron facendo variadas composicións na nosa fala e se non podemos rompela solución de continuidade n-estes tempos se non á grandes pulos, día ha de chegar no que se poda ver como nin un só momento decaiu entre nós a poesía, pol-os descubrimentos que se están facendo á cada paso.

NEGACION DA POESIA EN GALICIA

O que sucedeu foi, á parte do gran olvido en que quedou a nosa gran produción lírica das primeiras centurias, que das novas composicións dos poetas galegos, unhas se perderon por non seren publicadas, cousa hoxe non tan fácil para canto máis n-aqueles tempos, e outras, por non nos seren conocidas pol-a rareza dos exemplares emprentados, non se poideron sumar ao noso acervo literario.

Verbo d'eso é porque a maioría das nosas xentes principais ao se dedicaren as letras o fixeron n-unha lingua estrana, pois inda que no seu manexo foran verdadeiros maestros, os nosos tiñan de confesar, como o gran poeta cruñés Bermúdez de Castro, que loitaban coas dificultades que lles ofrecía non empregal-a lingua materna, tivo de pasar a nosa terra, tan desconocida e aldraxada sempre, pol-a vergonza de que, inda aqueles que máis obriga tiñan de conocelelo noso glorioso pasado literario e can abonado para a poesía era o noso país, fixeran corral-a falsa leenda de que GALICIA NON FOI NUNCA FERTIL DE POETAS, como escribía o insigne Lope de Vega no seu "Laurel de Apolo", e como fixo Cervantes no "Viaje al Parnaso", no que non sinala como poeta nado en Galicia máis que ao ilustre Conde de Lemus, único que, con Alonso de Seixas, é dos que fala o finex dos inxenios hespañoles, procer galego o primeiro á quen estaba tan obrigado o inmortal autor do "Quijote", que lle dirixiu os tan conocidos versos de:

"Puesto ya el pie en el estribo
con las ansias de la muerte
gran señor ésta te escribo."

Se personaxes tan escraecidos nas letras casteláns, conoían tan pouco a Galicia, chegando Cervantes, malia a súa oriunde galaica, hasta rebaixal-a nosa raza sempre que d'ela fala nas suas obras, ¿qué d'estrano ten que todolos demais estiveran cegos?

Podíase perdoar, e eso que non debían ignoralo, que nada conocean da nosa gran tradición lírica hasta o século XV; pero o que si non ten desculpa algunha é que estiveran tan ignorantes que non souperan nada do gran número de poetas galegos que escribiron en castelán nos derradeiros do século XV y durante todo o século XVI, cuyos nomes, por seren ben conocidos de todos vosoutros, non teño necesidade de remmorar, non debendo por eso deixar de facelo de Fr. Jerónimo Bermúdez de Castro "uno de los mayores poetas sino el mayor que produjo el reino de Galicia", á xuício do noso venerable maestro o ilustre historiador Sr. Murguía, e que, como reformador do teatro nacional, non debiera ser un desconocido para un dramático como Lope, s'é que non fixo intencionadamente omisión d'él que todo podera ser.

A NOSA REIVINDICACION

Necesario foi que chegara o século XIX para a nosa reivindicación como pobo esencialmente lírico, o máis arcaico de toda a Península n-este sentido. As novas ideas que trouxo consigo a Revolución francesa fixeron comover hasta o máis fondo dos seus cimentos a sociedade hespañola e moito máis cando os exércitos napoleónicos invadiron á Hespaña en son de conquirla.

Posteriormente o romanticismo viu á facer acordal-os sentimentos daormexados das reivindicacións das pequenas nacionalidades, cada vez máis aferrolladas pol-o falso concepto d'unha liberdade que se favorecía ao individuo era en prexudicio das colectividades.

A esto seguiu o período tormentoso da nosa historia, período no que en Hespaña, elexida como campo de experimentación, correu á torrentes o sangue da sel-a máis intelixente mocidade pol-a loita de dous principios que inda hoxe se disputan a suprema dirección dos pobos.

Non houbo, pois, apenas vagar máis que para empuñal-as armas e as musas galegas que xa na Guerra da Independencia, tempo no que Galicia pode decire tivo vida propia, deran amostras de xurdir á nova vida, cobraron esta máis vigorosa cando, acougadol-os ánimos, chegaron tempos máis bonancibles.

A mocidade galega de mediados do século XIX, mocidade como non houbo nin haberá quizaves outra na nosa rexión, correspondeulle a gloria de sel-a precursora do actual movemento literario de Galicia.

N-este rexurdimento, os nosos poetas, ora trovando na lengoa materna ou facendo uso do idioma do Centro, deixan transparentar sempre nas suas melodiosas rimas todol-os sentimentos da nosa raza a fannos adiviñar o país de onde proceden. Tan cheos están de tenrura e melancolía os seus versos.

Duas grandes e escelsas figuras, aparte de outras moitas de non tanta significación, abarcan aquel período: Pastor Díaz, o ilustre vate vivariense, e Rosalía Castro, a egregia cantora, que son á vez, dous dos máis grandes líricos casteláns do século XIX.

O primeiro, na época do romanticismo, co'as suas baladas que somellan cal se foran dos países escandinavos, e a segunda, co'as suas inmortales poesías casteláns e galegas, sinalan unha época. A Cantora do Sar, a *Rula de Galicia*, rompe os moldes consagrados e abre e renova a métrica, co'as variantes que lle imprime, tanto na poética castelán como na galega. E así hoxe, cal onte, os líricos da nosa terra volven á cobraren a influencia que tiveron nas pasadas centurias.

Por atavismo, por milagreira intuición ou pol-os efluvios da súa alma sentimental de muller galega, a esquisita Rosalía ven en preno século XIX á instaurar, sendo cal a súa continuadora, aquela gloriosa, fecunda e poética escola compostelán, cuyos ecos adormentados longo tempo, volveron á acordar, vibrando novamente na histórica cidade, con maior encanto, con máis doce ritmo e con máis prácida armonía que nos días medioevales.

Este movemento, primer comenzo de toda reivindicación, foi como a semente das varias tendencias que tiñan de se manifestaren en épocas sucesivas, pois non podía ser entre nosotros de xeito diferentes aos demais.

Tal renacemento en todo o peculiar noso e o afortunado encontro dos vellos "Cancioneiros" viñeron á botar por terra o mentireiro empeño de ter aos galegos como infecundos para a poesía, podendo así ser rebatido tan erróneo e perpetuado concepto, fundado na máis que na calumniosa especie de sel-a nosa terra un país pobre e sombrío, como se inda, sendo verdade eso, non houbera outros países onde, se non brila o sol, os inunda á torrentes a poesía.

NOVOS ENEMIGOS

Pero a malafada parece que non está cansada de perseguir e abaixar á nosa terra. Malia do potente renacemento da lengoa e da literatura galegas, moitos son, tanto alleos como da casa, os que pretenden perpetual-a mala sonda dos fuxidos tempos e xa nos dicen que a nosa lengoa e a nosa literatura, están agonizantes e que non tardarán en se morrer de todo, ou xa as tratan c'o maior dos desprecios dicindo que é unha verdadeira tolería tratar de lle dar vida á cousas tan cativas cal ambas son.

A vosa perspicacia non ten de se ocultare as intencións dos que así pensan e discurren, e diante tales afirmacións, cabe tan solo facer éstas preguntas:

¿Agonizante unha lingua que renace ao uso literario pol-o milagre da poesía e que xa é hoxe tanto ou máis rica que no seo século de ouro?

¿Pobre unha lingua rica abondo por non estare fixada, pois cando así o fan é á espensas da riqueza do seu léxico?

¿Pode morrer unha literatura en preno vigor, estudia-da y seguida con todo cariño e interés no seu bizarro des-

entrola por moitos pobos, e cando en dexamais tivo, como ao presente, tantos e tan valiosos cultivadores, ora ispirados poetas, xa correctos escritores?

Contra dos que falan de cativez de nosa lingua e da nosa literatura, somentes debémolles recordare que non hay lingua nin literatura, por humildosas que elas parezan, que non deixen de seren armas poderosas de civilización e factores de valía que exercen á súa vez gran influencia n-outras que se teñen por mais importantes, somentes por estaren mais xeneralizadas e estendidas. Bástenos recordal-a mais pequena das sementes; o graú de mostaza da parábola do Evanxelio e comprenderedes como a nosa lingua e a nosa literatura, hoxe, cal en tempos pasados, poden ter, e teñen, gran influencia na literatura e lingua de Castela.

Cegos serán os que tal non vexan e non sintan a forza de vida que latexa cada vez mais na lingua e na literatura da nosa terra. Compárense tempos con tempos e díganse-nos: ¿Cantos actos reivindicatorios da lingua e das letras galegas non se levan á efecto? ¿Cando mais uso se fixo da nosa fala para todol-os ordes da vida senon agora? ¿Qué é o acto que estamos celebrando senon a maior afirmación de unha e outra?

A lingua é a primeira e principal característica dos pobos e por eso debemos cultivar e pulil-a nosa fala e a nosa literatura de forma tal que cheguen na súa máxima expansión á seren conocidas de todos, propios e alleos, pois nos secretos do noso linguaxe hay algo como a esencia que mana de un vaso pechado fai longo tempo. Pagamos gustar unha e outra, e veredes como á medida que mais as conozan mais deseio shaberá de intimar co elas en n-esa divulgación, inda non falte que o neguefi está o porvir da nosa raza.

Ningunha outra cousa une forte e indisolublemente xentes con xentes, e pobos con pobos, como os lazos da espiritualidade. Conocel-a lingua e a literatura de un pobo é començar á amalalo. De alí que pobos ben alongados, uns dos outros, e sen mais relacións que as da literatura, estén fraternalmente ligados, e entroques, abismos fondismos aísan en absoluto á pobos que, malia a súa vecindade, se non aprecian pois solo teñen entre eles a trabazón dos mezquinos materiais intrínsecos, quebradizos de tal xeito que se ven espostos á se romperen as súas relacións ao mais pequeno tropezo.

A LABOR DAS MULLERES

Non deixemos, pois, por Dios de seguir cuidando do noso horto, por cativo que lles pareza á moitos, termado da nosa lingua e da nosa literatura. N-esta grande e meritória obra tócalles ocuparen un dos primeiros lugares ás heroicas, abnegadas, modestas e incomparables mulleres da nosa raza.

Vosoutras sodes as que no santuario do fogar tedes de coidar do berce santo e subrime do amor á patria galega, facendo que todol-os vosos comulguen en tan nobres ideais e se as mais mulleres galegas fan como vos, presto veremos cal frorece a roseira das nosas esperanzas, pois os corazóns dos fillos son as nais quen o forman, e inculcándolles o cariño pol-a súa terra, serán bós e dignos cidadáns. Facelo, así, garridas donas, que me escoitades, que se así o fixérades, millor dito, se así o quixérades, ten de baixar sobre nós a protección dos Ceos, pois aqueles que a muller quere, é aquilo mesmo que tamén Diol-o quer.

O QUE SE TEN DE FACER

Hora é xa,

POIS OS TEMPOS SON CHEGADOS,

como dixo o noso bardo Pondal, de que conozamos e apreciemos toda enteira a nosa xusta valoria. Que sintamos o grande, o lexítimo orgullo de sermos galegos en todo e por todo. Que haxa en todos nós elevación d'esprito para lles repicar á todos aqueles que, baixo da capa de nos ensalzar dirixémos como eloxio, o que non é senon encuberto aldraxe, o de QUE NON PARECEMOS SER GALEGOS, o mesmo que lle eu dixen á un d'eses desventurados: POIS O SINTO PORQUE PRECURO QUE SE ME CONO-

ZA QUE EU SON. E esto o que todos debemos de tratar que se sepa: que somos, e á moita honra, galegos e moi galegos.

E sé non, oide o seguinte sucedido: N-aqueles tempos nos que as largas navegacións se facían en barcos de vela, chegaron á seren grandes amigos, un francés, un inglés e un alemán. Ao termo do viaxe quixéronse despedir, os que xa mais tal vez non se verían e se deron o derradeiro *Adiós*, n-un fraternal agape. Chegada a hora dos brindis, ergueuse o francés, e ben criado como todos eles o son quixo agasallar aos seus compañeiros e díxolles: "Meus amigos, eu de non ser francés, quixera ser alemán ou inglés." Correspondeu a esta manifestación o alemán alegando: "que de non ser alemán, quixera ser, primeiro francés, é logo inglés". Mais este, que foi o derradeiro a falar, dixo sinxelamente, e tal como o sentía: "pois eu de non ser inglés, quixera sélo". Así temos a obriga de facer todos nós: onde quixer que estemos, onde quixer que o destino nos leve procamar moi alto sempre: QUE DE NON SER GALEGOS, QUIXERAMOS SELO.

De o non facer, de seguíre como hasta o de aquí, negando á nosa patria e á nosa raza, ¡pobres de nós! Terán razónn abondo os que nos xusgan como un pobo morto, propenso a dobregarse á vontade allea e se entregare, mansa e caladamente, ao primeiro que queira erixirse no seu dono.

Aprendamos á estimal-os nosos propios valores, á conocelos e á amalalos, e non nos deixemos levar como hastra aquí pol-os que non teñen mais mérito que seren alleos a nosoutros e ás nosas cousas, que nin sinten, nin poden amar. Fuxamos así mesmo de todos aqueles que, c'o falso brillo d'unha reputación feita sabe Dios cómo, pretendan engayolarnos como aos pobos primitivos co esas bagatelas sin outro valor que os seus colores chillons. Busquemos aos nosos, á aqueles que verdadeiramente aman e sinten á súa patria, non á aqueles que, falsos apóstoles, somentes levan o seu santo nome pendurado nos labios, e buscan únicamente seu medro persoal, e só así recobramos co a propia estimación, a dignidade da nosa raza.

Que non poda nin deba decirse dos galegos de hoxe que tivemos por oráculos aqueles mesmos que, según Tácito, tomaron para a súa guía os antigos xermanos.

De tal xeito, e reconquistando o noso libre albedrío, teremos a verdadeira forza na que poder apoyal-a xusticia das nosas demandas. A razón, sen a forza, nada val nin nada significa, e o se creer sempre mais homildes que os demais, cerra todo camiño de rexeneración.

Abonda xa de nos ter por pequenos. Ergámonos, pois, se creemos á outras razas de casta superior á nosa é porque ollamos sempre para elas postos de xionllos en terra.

Faise necesario virar de rumbo; que desde hoxe en diante aprendamos á conocernos, por nosoutros mesmos, e que non, como ten sucedido á cotío, toque aos alleos viren á ns descubriren e á maravillarnos falándonos das nosas grandezas, cando todos debéramos conocel-as xa abondo, porque os nosos, os de casa, aqueles que calada e modestamente traballan pol-a nosa verdadeira redención, xa nol-o tiñan adeprendido.

A QUE DEBEMOS ASPIRAR

Chegou a hora da nosa maor idade. Para nos dirixir non precisamos tutelas alleas. Unámonos todol-os galegos de boa vontade, n-un mesmo e enxebre ideal e seia o mais forte lazo o da comunión fraternal, na santa devoción á patria. Que esa devoción se adentre hasta o mais íntimo do noso ser, e alí, adonándose das nosas almas, poña n-elas acceso o lume inestinguible do mais puro amor á nobre terra galega.

Será esta a gran obra de redención que absolveremos de todol-os pasados erros e que bendicirán os que nos sucedan, pois lles deixaremos en herdo, non un pobo morto e sin pulso, tristeiro e resignado cal o en que nosoutros hemos vivido horas tan acedás, se non unha patria chea de ardimento, redimida e na prena posesión dos seus dereitos

que ningunha pode obtelos cumpridos máis que cando a vontade dos seus fillos o quer.

E nosoutros os galegos de hoxe debemos querer, e queremos, que a nosa patria así os teña, e pol-a súa grandeza e prosperidade todos temos a santa abriga de traballar.

Respirade xa, pois din romate á esta miña chalra; máis antes tedes de permitirme, pois non coído sermos ridículos, como di certo escritor galego, porque berre e berredes comigo: ¡Terra a nosa!

ACRARANDO

Leín fai días un artigo en "La Zarpa" no que o seu autor fala da comenencia para a Nosa Terra de que os deputados que Galicia mande ao Palramento hespañol sexan elixidos por medio da representación proporcional. Estou moi de conformidade co espírito do artigo aludido pero coído comenente acrarar algúns conceptos que n'él expónense.

A organización nacionalista denominada I. N. G. non tén no seu programa, como afirma o autor do artigo, membro siñificado de tal entidade, a representación proporcional, porque aquela entidade é completamente apolítica según autorizadas decraraciós feitas pol-os seus afiliados e tamén por anteriores artigos firmados polo autor do que

comento. Ben craro deixariase ver, se así fora, unha manifesta contradición.

A I. N. G. non tomou acordo ningún na Asambreia nacionalista celebrada en Lugo porque entón aínda non existía aquela etidade. A I. N. G. foi fundada no mes de Febreiro do ano 22 na Asambreia que se fixo en Monforte. Así o di o boletín "Rexurdimento" orgo da I. N. G. A Asambreia de Lugo celebróuse o ano 18.

Algúns elementos que hoxe figuran na I. N. G. asistiron a aquela Asambreia pero o fixeron como afiliados ás "Irmandades da Fala". As únicas organizacións nacionalistas que teñen no seu programa a representación proporcional son as "Irmandades da Fala" que foron as reunidas en Lugo. Véxase o manifesto publicado.

Eu non conozo o programa da I. N. G. nin sei se o tén, pero as notas oficiosas publicadas en varios xornás e decraraciós feitas por afiliados a ela ben craro dixéronme que a I. N. G. é unha organización exersusivamente cultural e completamente apolítica.

Coído non estar trabucado ao falar así e considero comenente acrarar ésto aínda que quizais non sexa eto máis autorizado para o facer.

Pero como penso que as cousas deben estar no seu lugar e a verdade por enriba de todo... vel-ahí o motivo d'estas liñas escritas a voa pruma.

VICTOR CASAS.

Gran campaña agrario-nacionalista

Un mitin en Sofán

Según habíamos anunciado no noso derradeiro número, o domingo 18 de Febreiro, celebróuse no lugar da Lagarteira, da parroquia de Sofán, un gran mitin agrario, no que tomaron parte os irmáns Peña Novo e Lugrís Freire e o noso querido amigo o segredario do Axuntamento da Cruña Joaquín Martín Martínez. Da Cruña tamén foi o noso irmán na Causa Tomás Rodríguez Sabio.

Unha numerosa comisión de agrarios pertencentes ao Sindicato de Sofán, agardaba aos propagandistas cruñeses uns dous kilómetros denantes do lugar en que había de celebrarse o aito. A chegada dos excursionistas foi anunciada con numerosas bombas de palenque ao mesmo tempo que unha ben composta banda de música executaba numerosas pezas galegas. Cando chegou o automovil que conducía aos nosos irmáns, bíronse numerosos vivas aos libertadores de Bergantiños. As numerosas persoas que os agardaban, fixéronnos baixar do automovil e orgaizouse unha manifestación composta por centos de homes e mulleres que durante todo o camiño que faltaba para chegar á Lagarteira, non cesaba de dar morras aos salvaxés caciques de Carballo, culpabres dos males que sofre Bergantiños.

Unha vez na Lagarteira, o noso querido irmán Peña Novo fixo entrega ao vicepresidente do Sindicato Sr. Manuel Caamaño, d-unha fermosa coroa de frores, da que pendían dous lazos coa bandeira galega, que tiñan a seguinte adicatoria: "A Irmandade da Fala da Cruña, aos asesina-dos en Sofán."

Foi o momento da entrega, un instante d-emoción, que poucas veces sentimos, os que decote vimos loitando pol-a liberación da Nosa Terra.

O MITIN

Con unha numerosa concurrencia que pasaba de mil quinientas persoas, dou comenzo este grandioso mitin, pronunciando unhas verbas de salutación e persentación dos oradores, o valente loitador agrario Xosé Caamaño, que demostrou un fondo conocimiento dos probremas galegos e unha gran decisión na loita que comenza, e para a cual invitou a todol-os labregos, por ser eles os máis perxudicados pol-as tropelías caciquiles. Dou gracias aos nosos irmáns, por haberse lembrado de que en terras de Sofán, n-un cimiterio galego, jacen os restos de cidadáns galegos, asesinados por querer defender o sagro ideal da redención de Galicia.

Sigueo no uso da palabra o irmán Lois Peña Novo, que pronuncia un discurso tan valente e cheio de doutrina, que moitas mulleres e infinidade de homes, víronse obrigados a sacal-os panos do peto, para secal-as bágoas que vertían os seus ollos. Houbo momentos do seu discurso, e un d-eles, cando falou do deber de xuramentarnos todol-os galegos ante a tumba en que repousan os restos dos mártires da Patria, para xurar vengalos e liberar a Galicia, en que pensamos sería imposible continual-o mitin, dada a gran emoción que tiñan todol-os corazóns que o escoitaban.

Sentimos non poder dar a conocer íntegramente o seu discurso, que foi moi apraudido en todol-os pasaxes do mesmo. Ao rematar Peña Novo o seu maxistral discurso, escala a tribuna en medio de moitos aplausos, o vello loitador Lugrís Freire, quen en verbas cheias de rebeldía, aconsella aos labregos a sindicación, para unha vez unidos dar a batalla aos caciques. Fala coa elocuncia en él característica, da urxencia d-exercer os dreitos cidadáns, para non permitir unha vez máis, que sigan repersentando a Ga-

licia, os chulos da meseta e os representantes do *marqués das manteigadas*. Remata o seu discurso que é moi apraudido, pregando a todol-os persentes que den con él o sagrado grito de ¡ Viva Galicia libre!

Sigueuno no uso da palabra o noso amigo Martín Martínez, pronunciando un gran discurso, que sentimos non poder publicar, por falta de espazo, pol-o cual somentes daremos a coñecer algún párrafo do mesmo.

Ataca duramente aos segredarios de Axuntamento que están en contra do pobo, por considerar que xa que éste é quen os paga é quen debe esixirles fidelidad e honradez no desempeño do cárrago que o pobo lles confiréu.

Fala da necesidade de levar ao novo Parlamento, verdadeiros representantes de Galicia, para que cando se trate do problema autonomista, teña ésta terra, quen esixa para ela, a liberdade que ten dreito a ter, como pobo completamente definido na historia.

Dirixe duros ataques ao caciquismo de Bergantiños e amenázoa con sairse da legalidade constitucional, sin non respecta o dreitos das xentes, hoxe atropellado e escarnecido en Hespaña pol-os mesmos que o crearon.

Ao final do seu discurso, óucese unha gran ovación, filla do entusiasmo das xentes que asistían a este gran comicio.

Remata o aito dando gracias o presidente, pol-a tranquilidade e entusiasmo demostrados durante o mitin, que deixará gratas lembranzas nos agrarios de Sofán, que sempre estiveron dipostos a loitar, pol-a consecución de respeito para os seus dreitos.

Os oradores que habían ido da Cruña, foron acompañados durante un longo trayecto, pol-a entusiasta concurrencia, que non paraba un instante de vitorealos e ofrecerse para dar a batido ao pulpo de Carballo, que dende fai moitos anos, ten extendídol-os seus tentáculos por terras bergantiñas.

* * *

Entre a numerosa concurrencia, lembrámonos ter visto, aos valentes agrarios Manuel Gago Rodríguez, presidente do Sindicato agrícola de Sofán; José Sánchez, Francisco Varela Martínez, José María Veira, Juan Palla Rodríguez, Antonio García Sande, Ramón Mañana, Alfredo Cabeza, Rogelio Buño, José Caamaño, vicepresidente do Sindicato de Sofán, e José Cameans.

Tamén asistiron ao mitin, o valente loitador de Coristanco Ricardo García Piñeiro, médico de aquel Axuntamento; Antonio Lancit Pet, do Sindicato de Vilaño, e numerosos representantes de Sociedades agrarias da circunscripción da Cruña.

O mitin de Santa Comba

O lús día 19, celebróuse outrò gran mitin, no Axuntamento de Santa Comba, no amplo local das Sociedades agrarias d-aquel distrito.

Tomaron parte n-este gran mitin os propagandista cruñeses Lois Peña Novo, Tomás Rodríguez Sabio e Joaquín Martín Martínez.

Tífiase pedido permiso para celebralo no campo da feira, pero dez minutos denantes da hora sinalada para dar comenzo o mitin, persentóuse o comandante do posto da Guardia civil, con unha comunicación do alcalde, na que lle pedía que suspendera o mitin, por considerar que a celebración do mesmo, podía interrumpil-o tráfico comercial.

Esta orden, dada pol-os imbéciles e cobardes caciques

de Santa Comba, demostróu unha vez mais, o mal que lles senta, que xentes de fondo espírito liberal, vaian espertar do seu sono, aos labregos d-aquela comarca. Nosoutros, que nunca creímos que en Santa Comba comían ás xentes, que endexamais demos creto a que aquel lugar fora o Alhucemas de Galicia, habitado por hordas salvaxes e faltas de cidadanía, fixemos a pesar de todo o mitin para demostrarlle os beni-urriagueleses que mandan no Axuntamento, que as ideas libertadoras non hai contén que as deteña e mais cando son impuxadas pol-o entusiasmo das xentes, cansas de sufrir, os atropellos de xentes sin entranas, postas ao servício da chulería da meseta.

O MITIN

Con asistencia de mais de seiscentas persoas, celebróuse co mitin no lugar arriba indicado, que s-atopaba completamente abarrotado, chegando a xente ao final das escaleiras. Fixo a presentación dos oradores o valente agrario Xan García, segredario da Federación de Sociedades agrarias de Fontecada, que dixiu á concurrencia unhas elocuentes verbas cheias de rebeldía e coas que aconsellou a necesidade d-escoitar con atención as verbas que pronuncien os apóstoles da boa nova, que veñen a Santa Comba, a abril-o camiño da sua redención.

Remata pedindo uns aprausos para os propagandistas das libertades galegas, que día tras día veñen sacrificándose pol-a sagrada causa que defenden, e á que deberan estar xá unidos todol-os galegos de corazón e espírito rebelde. Ao finalizal-o seu discurso é moi apraudido.

Sigueuno no uso da palabra o irmán Peña Novo e o noso amigo Martín Martínez, que pronuncian dous fermosos discursos que non publicamos por falla de espazo, n-esta seición.

Durante o curso dos seus discursos e ao final dos mesmos, ouvíronse grandes aplausos e moitos vivas a Galicia e a liberdade da nosa terra.

Remata o mitin con unhas verbas do noso querido irmán Rodríguez Sabio, nas que promete solemnemente aos agrarios, defendelos dos atropellos dos caciques. Dilles que é necesario, que o espectáculo que persenta este gran mitin, se repita moitas veces, pois elo serán unha demostración de que o entusiasmo hoxe demostrado foj a pedra fundamental do gran monumento das libertades d-aquelas terras.

Pidelles, que como lazo indisoluble que nos teña sempre xuntos, griten con él: ¡ Viva Galicia libre!, que será o grito sagrado que xunte a todol-os bos galegos, para loitar pol-a liberdade da Patria escravizada. Grandes aprausos e numerosos vivas dan por rematado este gran mitin, que deixóu nos labregos d-aquela comarca unha fonda lembranza, suxeridora da gran campana que por aquelas terras, han de seguir os elementos agrarios-nacionalistas da circunscripción.

* * *

Entre a numerosa concurrencia vimos ao prestixioso médico de Santa Comba, Sr. Otero, ao valente médico de Coristanco García Piñeiro, aos agrarios de aquel Axuntamento Sres. Pérez e Rodríguez e aos significados veciños de Santa Comba, Sres. Juan García, de Fontecada; Vicente Pose e José García, de Freijeiro; Manuel Braña, Manuel Ares Alonso, Francisco Antelo Barbeira, Juan Francisco Armán, José Allo Andrade, Cipriano Paredes Ramos, presidente Sindicatos de Grijoa y Ciere, e Manuel Amarille Braña, dos Sindicatos agrarios de Montouto e Ser.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Na velada que o domingo 25 celebrou a "Escola Dramática Galega" no salón da Irmandade representou a preciosa comedia de D. Galo Salinas "Sabela", xa representada anteriormente, e que como a primeira vez foi moi gabaada e apraudida. Despois, e por primeira vez, levou a escena o fermoso drama de noso irmán Lúgrís Freire "Minia". A pesar da intensidade dramática da obra e do difícil dos papés, os encargados de lles dar vida fixéronno cal se fosen actores consumados. A interpretación de tan preciosa obra foi verdadeiramente insuperable, distinguíndose principalmente Consueliño Varela no difícil papel de Minia, que tivo momentos de verdadeira actriz dramática; Leandriño Carré no papel de Fiz, que representou maravillosamente, e Rosa Martínez no de Xuana. Os aprausos que n'algúns escenas tributoulles o numeroso público que había no salón, trocáronse ao final da obra n'unha gran ovación entusiasta e calurosa, ao par que pedía a presenza do autor. Ao aparecer Lúgrís no escenario estalou unha formidabile ovación e deixáronse ouvir moitos vivas. O pano erguéuse varias veces.

Foi en suma un fermoso acto de galeguismo e un éxito indiscutible para os entusiastas rapaces da "Escola" e para o autor de "Minia".

Para todos vaia tamén o noso aprauso e a nosa embora.
EN VILLALBA

O notabilísimo cadro de decramación da "Irmandade da Fala" de Villalba deu o 28 do pasado unha representación de teatro galego, a terceira que celebra, que foi un novo éxito para aquela entusiasta colectividade.

Representou o monólogo "A loita", da señorita Carmen Prieto; "Axúdate", de Charlón e Hermida; "Para vivir ben de casados", de Leandro Carré, e "Bodas de ouro", de Galo Salinas.

Según nos din as obras foron moi ben interpretadas. Ao final da festa o coro da Irmandade cantou o hino galego.

A nosa embora aos entusiastas rapaces que están realizando unha gran labor no favor do noso teatro e desperdizando o sentimento galeguista na fermosa vila villalbesa.

Use vosté papel de fumar
NOROESTE

Fume vosté con papel
NOROESTE

Papel de fumar
NOROESTE

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70
(Frente do Pórtico de San Andrés)

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPELERIA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa cras que máis honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adelantos.

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA